



## MESTRADO UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN, XESTIÓN E INNOVACIÓN DE INSTITUCIÓN ESCOLARES

### PERFIL DO TÍTULO

#### *Innovación e compromiso social*

Para ser director/a dun centro educativo, necesítase estar en posesión da certificación acreditativa de ter superado un curso de formación sobre o desenvolvemento da formación directiva (LOMCE).

Este mestrado cobre novas necesidades formativas para dar resposta ás competencias da función directiva de centros escolares de acordo co Real Decreto 894/2014, de 17 de outubro, polo que se desenvolven as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva así como os correspondentes cursos de actualización de competencias directivas.

Establécese para formar profesionais directivos do sistema educativo e para complementar a formación de quen xa desempeñou ou está a desempeñar tarefas directivas, co obxectivo de que se especialicen en tarefas de xestión, dirección e innovación de institucións escolares, podendo aplicar os coñecementos nos ámbitos nos que poden desenvolver a súa función profesional: centros educativos (públicos, privados ou privados concertados) e o exercicio privado da profesión, sexa de forma individual ou como parte de equipos interdisciplinares.

Á vez, dáse continuidade á súa formación investigadora, permitiéndolle, ao alumnado que o supere, o acceso aos programas oficiais de doutoramento ofertados pola Facultade de Ciencias da Educación da UDC, coa elaboración, difusión e revisión de liñas de investigación e traballo nos ámbitos nos que a nosa facultade xa ten un alto recoñecemento.

### OBXECTIVOS

A través das competencias xenéricas e específicas, preténdese ofrecer unha especialización nos seguintes aspectos:

- Análise, organización, xestión e interpretación da información e a toma de decisións.
- Mediación, xestión e resolución de conflitos, fomentando a non violencia, a prevención da conflitividade e a convivencia.
- Liderado e fomento do traballo en equipo.
- Xestión do cambio e a innovación.
- Organización (de tempos e espazos), xestión (administrativa, económica, dos recursos humanos e de documentos institucionais), coordinación, control e supervisión institucional.
- Motivación de equipos de profesionais da educación.
- Comunicación de obxectivos e estratexias educativas.
- Dirección estratéxica: planificando, implementando e avaliando plans e proxectos dos centros educativos.
- Formación metodolóxica para realizar investigacións educativas.
- Marco normativo aplicable aos centros docentes.
- Uso de TICs.
- Participación da comunidade educativa e promoción da imaxe externa.
- Fomento da calidade do centro (avaliación e plans de mellora).
- Proxecto de dirección.

### A QUEN VAI DIRIXIDO?

Dirixido especialmente a profesores/as, educadores/as e profesionais da educación que desexen formarse e iniciarse no exercicio das responsabilidades directivas nas diferentes etapas do sistema educativo non universitario e prepararse con rigor para desempeñar no futuro cargos de responsabilidade. Igualmente, ten como obxectivo servir de complemento formativo a aquel profesorado en exercicio, así como a directivos/as que desexen perfeccionar a súa experiencia profesional nesas tarefas ou actualizarse.

### MÁIS INFORMACIÓN

Coordinadora: Eva Espiñeira Bellón

mestrado.dixin@udc.gal

Facultade de Ciencias da Educación

<http://www.educacion.udc.es/mestrados/direccion/>

## PLAN DE ESTUDOS

### MATERIAS 1º CUADRIMESTRE (30 créditos)

Organización e Autonomía dos Centros Escolares

Convivencia Escolar, Mediación e Resolución de Conflictos

Liderado e Dirección de Centros Escolares

Avaliación de Materiais Curriculares

Investigación Cualitativa en Educación

Investigación-Acción e Innovación

Tecnoloxías Dixitais nos Centros Educativos

Xestión da Calidade nos Centros Docentes, Autonomía, Transparencia e Rendición de Contas: Plans de Mellora

Investigación Cuantitativa

Tratamento da Información Cuantitativa e Cualitativa na Investigación dentro da Xestión e Diagnóstico das Institucións Escolares

### MATERIAS 2º CUADRIMESTRE (30 créditos ECTS)

Formación Docente e Comunidades de Aprendizaxe

Escola e demais Axentes Educativos: Interaccións

O Proxecto de Dirección no Marco dos Proxectos Educativos de Centro

Xestión de Recursos Humanos, Económicos e Administrativos

Planificación Estratéxica dos Procesos na Xestión da Calidade: Proxectos de Dirección

A Construcción Histórica do Sistema Educativo: Políticas Educativas, Reformas e Dirección de Centros

### PRACTICUM (6 créditos)

### TRABALLO DE FIN DE MESTRADO (6 créditos)

